Concello de
Vimianzo

C O P I A  A U B L I C A

**MINUTA BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE DATA 28/01/2012.**

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinteoito de xaneiro de dous mil doce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.ª María José Ramos Rey
D. Anselmo Ramos Martínez
D. José Antonio Miñones Riveiro
D. José Manuel Rodríguez Blanco
Dª Monserrrat Vázquez Miñones
D. José Manuel Perez Trillo
Dª Carmen Felicidad Borbujo Martínez
D. Pablo López Vázquez
Dª Mónica Rodríguez Ordoñez
D. Manuel Soto Pérez
Dª María Carmen Hermida Tomé

Secretario: D. Rafael José del Barrio Berbel
Interventora: Dª. Eva María Casal Sanjurjo

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARIA

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

DELIBERACIÓNS

*A) Sección resolutiva*

**1. Aprobación borrador da acta das sesións ordinaria de data 19/11/2011, extraordinarias de datas 21/10/2011 e 25/10/2011, e extraordinarias urxentes de datas 28/11/2011 e 1/12/2011.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación as citadas actas.

O Sr. Soto Pérez sinala que hai dous erros materiais na relación de decretos de alcaldía que se deberían corrixir, concretamente na resolución de alcaldía de data 3/11/2011 e 4/10/2011 sobre o importe das asignacións económicas aos grupos municipais; e que non se recolle no acta do último Pleno o consenso ao que se chegou para que neste Pleno se trouxeran as mocións que presentou IxV.

O Sr. alcalde dí que os erros materiais correxiranse polo servizos técnicos e que as mocións se

COPIA PÚBLICA

deixaron sobre a mesa para tratalas na xunta de portavoces e posteriormente nun Pleno, pero recollese a súa consideración.

Non tendo ningunha observación máis entendense aprobadas por unanimidade.

**2. Modificación da ordenanza fiscal nº 25 reguladora da taxa por licenzas urbanísticas**

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia da alcaldía de data 16/01/2012 na que xustificase a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 25, reguladora taxa por licenzas urbanísticas, para regular mellor o réxime de xestión da taxa coa obriga dos suxetos pasivos de presentar e aboar a correspondente autoliquidación tributaria.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de data 19/01/2012.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de contas, facenda, orzamentos e asuntos económicos de data 24/01/2012.

CONCELLO DE VIMIANZO (A CORUÑA) SECRETARÍA

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde dá a palabra a Sra. Interventora que explica o contido da modificación da ordenanza.

O Sr. Miñones Riveiro, portavoz do grupo PSOE, e o Sr. Soto Pérez, portavoz do grupo Independientes por Vimianzo, din que van a votar a favor.

A Sra. Borbujo Martínez, portavoz do grupo PP, indica que van a votar a favor pero plantea a posibilidade de avaliar a reducción desta taxa para que sexa beneficioso para todolos cidadans dada a situación na que nos atopamos.

O Sr. Alcalde dille a Sra. Borbujo que presente a súa proposta por escrito, e que non hai inconvinte en tratala nunha comisión informativa.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a seguinte modificación do artigo 5 da ordenanza fiscal nº 25, reguladora taxa por licenzas urbanísticas:

*"Artigo 5º . Xestión*

*1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar autoliquidación da taxa, determinándose a base impoñible en función o presuposto declarado polo interesado, e a ingresala, en calquera entidade colaboradora autorizada, ó solicitar a licenza preceptiva, sen que o pago realizado*

COPIA PÚBLICA

*conleve ningún tipo de presunción ó acto declarativo de dereito a favor daqueles. A referida autoliquidación e un acto do obrigado tributario, cuxo importe será reintegrado ao contribuínte, se por causas non imputables ao mesmo non chegara a prestarse o servizo.*

*2.- Unha vez rematadas as obras, construcións e instalacións, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria do tributo no caso de que o custo real e efectivo da obra sexa superior o declarado. A autoliquidación presentarase e ingresarase xunto coa autoliquidación do imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*3.- Cando os suxeitos pasivos non tiveran abonado a correspondente autoliquidación da taxa en prazo, ou se tivera presentado e abonado aquela por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento aportado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional pola cantidade que proceda e incoará o correspondente procedemento sancionador."*

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada.

**3. Modificación da ordenanza fiscal nº 24 da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas**

CONCELLO DE VIMIANZO (A CORUÑA) SECRETARÍA

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia da alcaldía de data 18/01/2012 na que xustificase a necesidade de modificar a ordenanza fiscal nº 24 reguladora taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, para actualizar as tarifas segundo a variación anual do IPC.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de data 19/01/2012.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de contas, facenda, orzamentos e asuntos económicos de data 24/01/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde dá a palabra a Sra. Interventora que explica o contido da modificación da ordenanza.

O Sr. Alcalde explica que se trata de dar cumprimento á modificación dunha ordenanza consecuencia dun acordo da Corporación anterior.

O Sr. Miñones Riveiro, o Sr. Soto Pérez e a Sra. Borbujo Martínez indican que é unha cuestión de trámite e que van votar a favor.

COPIA PÚBLICA

O Sr. Mancebo Amigo explica que se adapta a tarifa ao sinalado no contrato coa empresa pero que o custe do servizo é o mesmo, e os usuarios van pagar o mesmo.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

"7.3. A cota tributaria pola prestación do servizo de centro de día determínase de conformidade coa seguinte tarifa:

PREZO MES

| Ingresos (Renda per cápita) | Cota por usuario a xornada completa | Cota por transporte 2 Viaxes (€) |
|---|---|---|
| Menores ou iguais á PNC | 0,50 x SMI | 38,11 |
| Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI | 0,70 x SMI | 38,11 |
| Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI | 0,90 x SMI | 38,11 |
| Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI | 1,00 x SMI | 38,11 |
| Maiores ao triplo do SMI | 1,50 x SMI | 38,11 |

(Resto do artigo permanece igual...)

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

| Ingresos (Renda per cápita) | Comedor (€) | Lavandería (€) |
|---|---|---|
| Menores ou iguais á PNC | 1,16 | 0,35 |
| Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI | 2,30 | 0,57 |
| Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI | 3,48 | 0,71 |
| Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI | 4,61 | 0,92 |
| Maiores ao triplo do SMI | 5,78 | 1,16 |

A estos prezos hai que engadirlle un custo de 1,73 € por día para o transporte se éste fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.

COPIA PÚBLICA

Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006."

Segundo.- Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Terceiro.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Cuarto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da Ordenanza fiscal nº 24 no Boletín Oficial da Provincia.

**4. Aprobación da liquidación definitiva do exercicio 2011 do contrato de xestión de servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil e comedor e lavandería sobre rodas**

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde-presidente do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito do "Grupo Reacteda, S.L." (RE 226 de 12/Xaneiro/2011) de liquidación definitiva do exercicio 2011, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e Servizo Económico-Administrativo.

Esta liquidación ascende a un total de 370.216,69 euros dos que se atopan pendente a contía de 37.958,16 euros. O concesionario solicita no mesmo escrito que se desconte o canon a favor do concello polo importe total de 17.955,39 euros, restándose da factura da liquidación final presentada pola empresa.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2010 a novembro de 2011, de acordo co INE, foi un 2,9% polo que o canon a pagar pola empresa no exercicio 2012 será de 18.476,10 euros.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas rectoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2012 de acordo co contrato, será o 90% da liquidación definitiva que importa un total de 333.195,02 euros.

Ditaminado favorablemente pola comisión informativa de contas, facenda, orzamentos e asuntos económicos de data 24/01/2012.

Aberto o debate pol apresidencia, o Sr. Alcalde dá a palabra á Sra. Interventora que explica o contido do acordo.

O Sr. Alcalde explica que se trata dun acto contable consecuencia da execución dun contrato.

O Sr. Miñones Riveiro, o Sr. Soto Pérez e a Sra. Borbujo Martínez indican que é unha cuestión de trámite e que van votar a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2011 do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas, que supón un custo total de 370.216,69 euros, quedando pendente de pagamento

COPIA PÚBLICA

37.958,16 euros.

Segundo.- Para este exercicio de 2012 e de acordo co establecido no citado contrato os pagos a conta serán de 333.195,02 euros, repartidos co seguinte detalle:
- xaneiro: 27.820,39 euros
- meses de febreiro a decembro: 27.761.33 euros

Terceiro.- Que se proceda ó pagamento da contía pendente, que ascende á vinte mil dous euros e setenta e sete céntimos (20.002,77 euros), unha vez deducido o canon, á empresa adxudicataria deste servizo "Grupo Reacteda, S.L."

Cuarto: Que o canon que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de 18.476,10 euros que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2012.

## 5. Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2012

D. Manuel Antelo Pazos, Alcalde do Concello de Vimianzo, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2012 no que consta a relación de facturas do exercicio de 2011 por importe de 41.632,29 euros que non foron aprobadas no correspondente exercicio por falta de consignación orzamentaria axeitada e suficiente no exercicio 2011, e ademais incumpren na meirande dos casos a normativa de contratación por non ter existido un procedemento previo.

Visto os reparos suspensivos de Intervención nº 9/2011 e 10/2011.

Visto o informe de Secretaría de data 17/01/2012.

Visto o informe de Intervención de data 18/01/2012.

Considerando o disposto nos artigos 163, 169.6, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; e nos artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Ditamido favorablemente pola comisión informativa de contas, facenda, orzamentos e asuntos económicos de data 24/01/2012.

Aberto o debate pola presidencia, o Sr. Alcalde dá a palabra á Sra. Interventora que explica o contido do acordo.

O Sr. Alcalde pregunta á Sra. Interventora se alguna desas facturas é anterior ao 11/06/2011, data no que o alcalde tomou posesión do cargo.

A Sra. Interventora responde que sí, que son todas anteriores a esa data.

O Sr. Alcalde pregunta que de quen é a competencia para recoñecer a obriga desas facturas e poder pagalas.

A Sra. Interventora dí que é competencia do Pleno xa que non existía consignación orzamentaria no ano anterior, xa que non houbo procedemento e obviáronse tódalas fases orzamentarias, e agora sí hai crédito.

O Sr. Alcalde aclara que son facturas referidas á campaña electoral e non se puideron pagar

COPIA PÚBLICA

porque non había crédito, e que o goberno está cumprindo o compromiso de recoñercer e pagar estas facturas no ano 2012, e que se aproban 28 facturas de 7 proveedores por un importe total de 41.632,29 euros.

O Sr. Miñones Riveiro dí que os proveedores teñen que cobrar, que as obras están aí e que os problemas políticos non deben perxudicar aos empresarios, polo que van a votar a favor.

O Sr. Soto Pérez dí que son obras feitas en favor dos veciños e que hai que recoñecelas polo Pleno e pagalas, xa que se non estaríamos ante un enriquecemento inxusto do Concello, polo que van votar a favor e esperan que a seguinte fase do pago se axilice polo alcalde o que se poida.

A Sra. Borbujo Martínez dí que van votar a favor pero que está indignada por este tema como cidadana e como política, xa que os empresarios non se merecen que o Concello encarge obras sen crédito, e menos en campaña electoral. Explica que non é admisible que unha campaña electoral se pague con fondos públicos e os políticos responsables deberían pedir perdón aos cidadáns que son quienes os que teñen que pagar esas facturas, como o que pasou coa obra da casa da cultura.

O Sr. Alcalde sinala que vaise tratar de axilizar para que os empresarios que actuaron de boa fé cobren canto antes e reparar os erros doutros que se fixeron pensando nun beneficio electoral. Neste sentido agradece a colaboración de tódolos grupos e que se aprobe o expediente por unanimidade da Corporación.

CONCELLO DE VIMIANZO (A CORUÑA) SECRETARÍA

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial dos créditos recollidos na Proposta de gastos correspondentes a facturas do exercicio de 2011 por importe total de 41.632,29 euros.

SEGUNDO.- Aplicar ao vixente orzamento municipal do exercicio de 2012 os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos servizos económicos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## 6. Comunicados oficiais e dación de conta de resolucións.

O Sr. Secretario da conta das resolucións de alcaldía dos meses de novembro e decembro de 2011 e xaneiro de 2012, destacando a resolución da alcaldía de data 2/01/2012 sobre o nomeamento de persoal eventual de confianza e asesoramento á alcaldía:

| RESOLUCIÓNS/DECRETOS DA ALCADÍA | |
|---|---|
| | **Data: Outubro** |
| 13/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Valiña, 5, parroquia de Vimianzo a D.ª Manuela Lema Olveira (Total: 300,00€). |
| 13/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Urroa, 27, parroquia de Vimianzo a D. José Ramos González (Total: 300,00€). |
| 13/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Casais, 61, parroquia de Vimianzo a D. Alberto Pedreira Insua (Total: 300,00€). |
| 13/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 23, parroquia de Vimianzo a D. Francisco Riveiro Pérez (Total: 300,00€). |
| 13/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 28, |

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| | parroquia de Vimianzo a D. José Suárez Caamaño (Total: 300,00€). |
| | **Data: Novembro** |
| 08/11/2011 | Remitir cartas de pago das facturas da luz da EDAR por un importe de 3.910,69 euros e 1.669,15 euros a empresa Movex Vial, S.L.. |
| 15/11/2011 | Requirimento a herederos de D. José Suárez Toja, en calidade de propietarios, para que xestione a biomasa vexetal e tala de arbores, dunha finca que está a pouca distancia da vivenda situada na rúa Tedín, 51, Vimianzo. |
| 17/11/2011 | Concesión da renovación da tarxeta de estacionamento de JMCE. |
| 18/11/2011 | Autorización a SIAD24 Galicia, S.L, para que 4 alumnios/as poidan realizar prácticas tanto na vivenda comunitaria como no centro de día municipais. |
| 21/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda na rúa Álvaro Cunqueiro, 9-2° esq., Vimianzo a D.Eliseo Vázquez Barbeito (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de Castro, 18, parroquia de Salto a D.ª Raquel Ramos Martínez (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 27, parroquia de Vimianzo a D. Manuel Díaz Olveira (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 1, parroquia de Vimianzo a D.ª María Alvarellos Castiñeira (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 1, parroquia de Vimianzo a D.ª María Alvarellos Castiñeira (Total: 300,00€): |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de Braño, 87, parroquia de Carantoña a D.ª María Elia Miñones Oanes (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 15, parroquia de Vimianzo a D.ª Raúl Pérez Pérez (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 15, parroquia de Vimianzo a D. Raúl Pérez Pérez (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 19, parroquia de Vimianzo a D.ª Carmen Pose Feal (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 19, parroquia de Vimianzo a D.ª Carmen Pose Feal. |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 13, parroquia de Vimianzo a D.ª Hortensia Cortizo Miras (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 13, parroquia de Vimianzo a Hortensia Cortizo Miras (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 5, parroquia de Vimianzo a D.ª Laura Pérez Barreiro (Total: 300,00€). |
| 22/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 5, parroquia de Vimianzo a D.ª Laura Pérez Barreiro (Total: 300€). |
| 22/11/2011 | Aprobación das calificacións urbanísticas, informes e liquidación solicitados polo Sr. Elvio Méndez Méndez (Total: 20,00€). |
| 22/11/2011 | Aprobación do padron do servizo municipal de aguda e sumidoiros correspondentes ao 3° trimestre do ano 2011 (Total: 85.991,00€). |
| 23/11/2011 | Autorización para ocupación de vía pública con postos do mercadillo e aprobación da liquidación das taxas municipais (Total: 871,50€) correspondente a 5 postos. |
| 23/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 11, parroquia de Vimianzo a D. Celestino Duarte Blanco (Total: 300,00€). |
| 23/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de As Pasantes, 7, parroquia de Vimianzo a D. Francisco Toja Andrade (Total: 300,00€). |
| 23/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gándara, , parroquia de Vimianzo a D. Montserrat Martínez Alvela (Total: 300,00€).. |
| 23/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Valiña, 29, parroquia de Vimianzo a D. José Manuel Pardiñas García (Total: 300,00€). |
| 23/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga |

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| | municipal da vivenda situada na rúa Codeseiras,16 (Vimianzo)a nome de Estrella Insua Riveiro e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30 euros. |
| 23/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda situada no lugar de Tufións,75 (Cereixo)a nome de Vicente Caamaño Lemus e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30 euros. |
| 23/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda situada na rúa Tras do Muíño C,10,1º B (Vimianzo)a nome de Rocio Lorenzo Espasandín e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30 euros. |
| 23/11/2011 | Alta no servizo do SAF de MES e imcorporar no padrón fiscal por 24h/mes (Total: 28,28€). |
| 23/11/2011 | Concesión de 4 autorizacións do uso do ximnasio municipal (Total: 180€). |
| 24/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada no lugar de Tufións, 10 C - Cereixo a nome de D. ª Mercedes Alborés Castiñeira. |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Urroa, 21, parroquia de Vimianzo a D. Eugenio Lema Rojo (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 29, parroquia de Vimianzo a D. Manuel Suárez Gándara (Total: 300,00€). |
| 24/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de As Pasantes, 34, parroquia de Vimianzo a D. Albino Prudencio Pazos (Total: 300,00€). |
| 24/10/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 14, parroquia de Vimianzo a D. Manuel Santos Rioboo (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Urroa, 26, parroquia de Vimianzo a D. Jesus José García Oreiro (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Valiña, 25, parroquia de Vimianzo a D. ª Vanesa Rojo Martínez (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización do uso da sala de conferencias da Casa da Cultura para impartir unha charla informativa , o lúns 05/12/2011 ás 19:30 h. Cunha duración de 20 minutos e aprobación da liquidación a Estudios Suelen, S.L. (Total: 15,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización a Naranco Galicia, S.L. o uso da aula do segundo andar do edificio cultura de Carnés, os martes durante 29 semanas en horario de 19:30 a 21:30 h., para impartir un curso de mecanografía/informática e aprobación da liquidación por utilización de instalacións culturais (Total: 870,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 15, parroquia de Vimianzo a D. Nestor Romero Andrea (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de As Pasantes, 2, parroquia de Vimianzo a D.ª Carmen Miñones Antelo (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Casais, 26, parroquia de Vimianzo a D. José Antonio Vázquez García (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gandara, 12, parroquia de Vimianzo a D. José Trillo Antelo (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de As Pasantes, 10, parroquia de Vimianzo a D. ª Carmen Romar Senra (Total: 300,00€). |
| 24/11/2011 | Autorización do uso do polideportivo de Baíñas os mércores e venres en horario de 21:30 a 23:30 nas mesmas condicións que se indicaban na anterior autorización a D. José Manuel Pereira Pérez |
| 24/11/2011 | Autorización do uso do pavillón polideportivo municipal de Vimianzo dende o día 16 ao 19 de decembro 2011 para a realización da Festa do Nadal a ASEMVI. |
| 24/11/2011 | Autorización a AFIPRODEL para empregar a sala de conferencias da Casa da Cultura o día 30/11/2011 entre as 17:00 e as 21:00 h., para unha aemblea |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARÍA

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| | de socios de AFIPRODEL |
| 24/11/2011 | Autorización a ANPA do CEIP San Vicenzo para empregar o auditorio da Casa da Cultura o día 15/12/2011 entre as 14:00 e as 18:00 h., para ralizar a actuación do "Mago Benxamin" |
| 24/11/2011 | Autorización do uso do pavillón municipal de Vimianzo, os mércores en horario de 21:00 a 23:00 h. Durante os próximos 3 meses, para realización de actividades deportivas a D. Jesús Santos Calo. |
| 24/11/2011 | Noamento de interventor accidental a D. José Domingo Rodríguez Ferreira o día 25/11/2011, en sustitución de D.ª Eva Mª Casal Sanjurjo. |
| 24/11/2011 | Anulación da liquidación con nº REC agrupado 006732011 e aprobación da liquidación por utilización de instalacións culturais a Acega Formación Continua, S.L. (Total: 195,00€). |
| 24/11/2011 | Aprobación da liquidación por utilización de instalacións culturais a Acega Formación Continua, S.L. (Total: 135,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gándara, 29, parroquia de Vimianzo a D. ª María Díaz Lema (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gándara, 18, parroquia de Vimianzo a D. Juan Angües Alvarellos (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 9, parroquia de Cereixo a D. Juan Suárez Caamaño (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 6, parroquia de Vimianzo a D. José Alborés García (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 20, parroquia de Vimianzo a D. Jorge Manuel Pérez García (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 26, parroquia de Vimianzo a D. ª María Victoria García Suárez (Total: 300,00€). |
| 25/11/2011 | Denegación de ortogamento da praza da EIM para BFC por non exirtir praza vacante. |
| 25/11/2011 | Denegación de ortogamento da praza da EIM para LCB por non exirtir praza vacante. |
| 25/11/2011 | Denegación de ortogamento da praza da EIM para SRR por non exirtir praza vacante. |
| 25/11/2011 | Alta no servizo do SAF de MCA e imcorporar no padrón fiscal por 20h/mes (Total: exento). |
| 28/11/2011 | Arquivo do expediente de denuncia con RE núm. 6975/11 por non presentar en prazo a documentación requirida |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de auga de obra da vivenda no lugar de O Careixo, 6, parroquia de Salto a D. Fermín Tajes Martínez (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gandara, 28, parroquia de Vimianzo a D. ª Florinda Romar Lema (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Gandara, 28, parroquia de Vimianzo a D. ª Florinda Romar Lema (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Gandara, 28, parroquia de Vimianzo a D. ª Florinda Romar Lema (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 2, parroquia de Vimianzo a D. ª María Dolores Lavandeira Castro (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de A Toxa, 2, parroquia de Vimianzo a D. ª María Dolores Lavandeira Castro (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Casais, 63, parroquia de Vimianzo a D. Benito Coiradas Lago (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Valiña, 24, parroquia de Vimianzo a D. ª Obdulia Tapia Suárez (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Toxa, 25, parroquia de Vimianzo a D. Fernando Andrade Castiñeira (Total: 300,00€). |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARÍA

Praza do concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Nº R.E.L. 01150927
C.I.F. P-1509300-H
Tel 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.es
www.vimianzo.es

# Concello de Vimianzo

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 7, parroquia de Vimianzo a D. Juan Manuel Blanco Gómez (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 30, parroquia de Vimianzo a D. Manuel Ameijeiras Castiñeira (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 5, parroquia de Vimianzo a D. José Alborés García (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Bribes, 25, parroquia de Vimianzo a D. ª Alicia Suárez Romero (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de As Pasantes, 6, parroquia de Vimianzo a D. José Antelo Cundíns(Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda na rúa Blanco Rajoy, 75, portal C, ático F, parroquia de Vimianzo a D. Manuel Fernández Barrientos (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda na rúa Blanco Rajoy, 4, parroquia de Vimianzo a D. Aurelio Miñones Esmorís (Total: 300,00€). |
| 28/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga do local sita na rúa Antonio Vázquez Mouzo, 31-baixo- Vimianzo a Asnorte, S.A. |
| 28/11/2011 | Designación de secretario accidental a D. José Domingo Rodríguez Ferreira, en sustitución do secretario titular da Corporación, entre os días 29 de novembro e 1 de decembro de 2011, ambos inclusive. |
| 28/11/2011 | Confección da nómina dos traballadores municipais correspondente ao mes de novembro/2011. |
| 29/11/2011 | Modificación da praza e da taxa da EIM adxudicada a ACG incorporandolle o servizo complementario de comedor e cambio de horario (Total: 132.00€/mes). |
| 29/11/2011 | Baixa na EIM para o curso 2011-2012 de HOQ, con efectos do 1/12/2011. |
| 29/11/2011 | Baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo da vivenda situada na rúa Trasariz, 25 a D. ª Manuela Mercedes Gonzalez Senra. |
| 29/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada no lugar de Roalo,10, parroquia de Castrelo a D. ª Mª Estrella Tomé Cernadas. |
| 29/11/2011 | Corrección de erro cometido na resolución da Alcaldía, de data 21/10/2011 de concesión de licenza de vado correspondente ó expediente 2011/32/00006. |
| 29/11/2011 | Concesión de tarxeta de estacionamento para minusvalidos a EMCGR |
| 29/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda na rúa Fonte dos Cabalos, 5, parroquia de Vimianzo a D. ª María del Carmen Pérez Rodríguez (Total: 300,00€). |
| 29/11/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda situada no lugar de Roalo,10 (Castrelo)a nome de Mª Estrella Tomé Cernadas e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30 euros. |
| 29/11/2011 | Aprobación de gastos de amortización do préstamo núm. 9544462560 (Total: 18.485,72€). |
| 30/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 11, parroquia de Cereixo a D. José Castiñeira Blanco (Total: 300,00€). |
| 30/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 46, parroquia de Cereixo a D. José Manuel Cousillas Castro (Total: 300,00€). |
| 30/11/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 5, parroquia de Cereixo a D. ª Francisca Souto Baña(Total: 300,00€). |
| 30/11/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de Santa Irene,parroquia de Salto a UTE CONSUMO(Total: 300,00€). |
| 30/11/2011 | Autorización a Miguel Angel Muiño Ramos o uso do auditorio da Casa de Cultura para realizar unha reunión dos equipos de fútbol da Costa da Morte o día 01/12/2011 as 20:00h. |

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 30/11/2011 | Aprobación da liquidación por utilización de instalacións culturais a Acega Formación Continua, S.L. (Total: 105,00€). |
| | **Data: Decembro** |
| 01/12/2011 | Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relacionan por inporte de 17.771,84€ |
| 01/12/2011 | Aprobación de gastos de telefonía de 18/10/2011 - 17/11/2011 (Total: 546,52€). |
| 02/12/2011 | Admisión no servizo municipal de comedor sobre rodas de MCG. |
| 02/12/2011 | Admisión no servizo municipal de comedor sobre rodas de MMA. |
| 02/12/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda na rúa Blanco Rajoy, 75, parroquia de Vimianzo a Antoca, S.L. |
| 02/12/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada no lugar de Rasamonde,11, parroquia de Cambeda a D. Jesús García Martínez. |
| 02/12/2011 | Adxudicación do contrato menor de servizo de "actividades culturais de palillo"á Asociación de palilleiras "As Nemanquiñas", por un importe de 2.800,00 euros, exento de IVE, e un prazo de duración de sete meses. |
| 02/12/2011 | Adxudicación do contrato menor de servizo de "mantemento anual do céspede sintético en Campo de Fútbol de Vimianzo" a mercantil Xardinería Reja, S.L., por un importe de 2.950,00 euros, IVE non incluído, e un prazo de duración de sete meses. |
| 02/12/2011 | Designación de interventor accidental de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, en sustitución da interventora titular da Corporación os días 7,9 e do 12 ao 16 de decembro. |
| 02/12/2011 | Designación de secretarios accidentais de D. José DomingoRodríguez Ferreira entre os días 7,9,28,29 e 30 de decembro, ambos inclusives e D.ª Ivanna Vidal Domínguez entre os días 12 e 27 de decembro, ambos inclusives, en sustitución do secretario titular da Corporación |
| 02/12/2011 | Modificación da resolución da Alcaldía de data 17 de novembro de 2011, de concesión do enganche de auga para a vivenda situada na rúa Blanco Rajoy, 75, portal B, 1º B, Vimianzo a Antoca, S.L. |
| 02/12/2011 | Aprobación de gasto por cotizacións de MUFACE e cotas de clases pasivas mes novembro/2011. |
| 02/12/2011 | Autorización ó Seminario de Estudos Comarcais para empregrar a sala de conferencias da Casa de Cultura o 10/12/2011 as 19:30 h., para realizar a presentación do libro da autora vimiancesa Dolores Canosa "Mar e Terra". |
| 02/12/2011 | Aprobación do padrón do SAF do mes de novembro/11 por importe de 528,60€. |
| 02/12/2011 | Adxudicación do contrato menor de servizo de "actividades deportivas de Tiro con Arco" a Club de Tiro con Arco Dous x Setenta, por un importe de 1.001,00 euros (exento de IVE), e un prazo de duración de novembro2011 a maio 2012. |
| 07/12/2011 | Autoizar o uso de 6-9 tarimas e uns colectores de lixo os días 10 e 11 de decembro 2011 para a festa de Santa Baia, Tines |
| 07/12/2011 | Acetación de inclusión no POS adicional 1/2011 por aplicacón das baixas de licitación a obra "adaptación e reforma de soto en edificio de centro-sociocultural en Baíñas" |
| 07/12/2011 | Modificación da resolución da Alcaldía de data 17 de novembro de 2011, de concesión do enganche de auga de obra para a construción dunha nave na paraxe coñecida como "Val de Loso" no lugar e parroquia de Berdoias, expediente nº 55/2011 a Maderas Caamaño, S.C.. |
| 07/12/2011 | Alta no servizo do SAF de MAA e imcorporar no padrón fiscal por 20h/mes (Total: exento). |
| 07/12/2011 | Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relacionan por un importe de 36.019,95€ |
| 07/12/2011 | Baixa no servizo municipal de comedor sobre rodas de DBM. |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARIA

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 07/12/2011 | Baixa no servizo municipal de comedor sobre rodas de JCC. |
| 07/12/2011 | Baixa no servizo municipal de comedor sobre rodas de ELA. |
| 07/12/2011 | Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relacionan por importe de 22.685,79€. |
| 09/12/2011 | Aprobación das bases para a selección dun/ -ha axente de emprego e desenvolvemento local e Convocatoria da comisión avaliadora. |
| 09/12/2011 | Tramitación da baixa na Seguridade Social de D. Antonio Lema Mouzo e D. Fabian Parga Blanco e confección da nómina. |
| 09/12/2011 | Confección da nómina e baixa na Seguridade Social de D.ª Mónica Blanco López e D.ª Nuria Olveira Murias |
| 09/12/2011 | Autorización, disposición e obriga do gasto da amortización e xuros do préstamo polo período do 09/09/2011 ao 09/12/2011 (Total: 21.581,69€). |
| 10/12/2011 | Confección da nómina e baixa na Seguridade Social de D. Claudio Pereira Méndez. |
| 12/12/2011 | Autorización ó CPI Cabo da Área de Laxe para visitar á exposición de Antón Mouzo na Casa da Cultura o 14/12/2011, dende ás 10:00 h. até as 11:00h. |
| 12/12/2011 | Autorización ó CEIP "San Vicenzo" para empregar o auditorio da Casa de Cultura o 21/12/2011 en horario de 10:00 a 13:0 h.así como os días 19 e 20 pola mañá e tarde para ensaiar, para realizar unha representación e actuación por parte dos alumnos. |
| 12/12/2011 | Aprobación de gastos dotacións económicas aos grupos políticos correspondentes ao mes de novembro (Total: 1450,00€). |
| 12/12/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar e parroquia de Carantoña,1 a D.ª María del Mar Alvite Méndez (Total: 300,00€). |
| 12/12/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Esquipa, 25, parroquia de Cereixo, a D.Sergio Lema Romero (Total: 300,00€). |
| 12/12/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de A Valiña, 20, parroquia de Vimianzo, a D. ª Manuela Concepción García Calo (Total: 300,00€). |
| 12/12/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda na rúa Blanco Rajoy, 75, portal C, 3º E, parroquia de Vimianzo, a D.ª María Cristina Santos Lema (Total: 300,00€). |
| 12/12/2011 | Aprobación de gastos dotacións económicas aos grupos políticos correspondentes ao mes de decembro (Total: 1.450,00€) |
| 13/12/2011 | Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relacionan por un importe de 3.199,00€ |
| 13/12/2011 | Aprobación da liquidación provisional de oficio por ocupacións de vía pública dende o 21/11/2011 ata 23/11/2011 a D. Victor Manuel Pérez Pérez (Total: 14,40€). |
| 14/12/2011 | Autorización para ocupación de vía pública con posto do mercadillo e aprobación da liquidación das taxas municipais (Total: 165,00€). |
| 14/12/2011 | Requirimento a compañía aseguradora Axa por servizos prestados en accidente de tráfico o día 24/07/2011 (Total: 73,50€) |
| 14/12/2011 | Requirimento a compañía aseguradora Mapfre por servizos prestados en accidente de tráfico o día 17/06/2011 (Total: 202,30€) |
| 14/12/2011 | Aprobación de gastos de telefonía móbil de 01/11/2011 - 30/11/2011 (Total: 160,73€). |
| 15/12/2011 | Concesión dunha axuda económica de 150,00€ con cargo ó programa de emerxencia social 2011 a JMPP. |
| 15/12/2011 | Requirimento a compañía Allianz por servizos prestados en accidente de tráfico o día 18/06/2011 (Total: 162,80€) |
| 15/12/2011 | Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas que se relaciónan por importe de 83.804,41€ |
| 15/12/2011 | Aprobación de gastos na resolución de data 15/12/2011 en concepto de gastos varios por un importe de 83.804,41€ |
| 16/12/2011 | Aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2012. |

Praza do concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)
Nº R.E.L. 01150927
C.I.F. P-1509300-H
Tel 981716001
Fax 981716650
correo@vimianzo.es
www.vimianzo.es

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 16/12/2011 | Autorizar o uso do palco municipal o día 19/12/2011 ata o día 09/01/2012 para colocar o escenario na igrexa parroquial, en Vimianzo e denegar a utilización dos focos da Casa da Cultura a D. José Daniel Turnes Rey. |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Pelayo Mutua de Seguros por servizos prestados en accidente de tráfico o día 18/06/2011 (Total: 145,80€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Allian e La Estrella, S.A. por servizos prestados en accidente de tráfico o día 23/06/2011(Total: 89,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Reale Autos e Mapfre por servizos prestados en accidente de tráfico o día 16/12/2011(Total: 92,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Allianz e Generali por servizos prestados en accidente de tráfico o día 23/06/2011(Total: 89,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Reale Seguros e Reale Autos por servizos prestados en accidente de tráfico o día 29/07/2011(Total: 131,50€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Reale por servizos prestados en accidente de tráfico o día 31/07/2011(Total: 134,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Direct Seguros por servizos prestados en accidente de tráfico o día 04/08/2011(Total: 266,80€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Allianz por servizos prestados en accidente de tráfico o día 09/08/2011(Total: 65,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Mapfre por servizos prestados en accidente de tráfico o día 08/09/2011(Total: 135,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Allianz por servizos prestados en accidente de tráfico o día 23/09/2011(Total: 90,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Caser e Groupama por servizos prestados en accidente de tráfico o día 08/10/2011(Total: 127,50€) |
| 16/12/2011 | Requirimento as compañias aseguradoras Axa e Zurich por servizos prestados en accidente de tráfico o día 25/10/2011(Total: 92,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Caser por servizos prestados en accidente de tráfico o día 28/10/2011(Total: 64,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Caja Seguros Reunidos por servizos prestados en accidente de tráfico o día 01/11/2011(Total: 104,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento á sociedade Mata y Caamaño, S.C. por servizos prestados na extinción dun incendio o día 26/10/2011(Total: 202,00€) |
| 16/12/2011 | Requirimento a compañia aseguradora Allianz por servizos prestados en accidente de tráfico o día 23/08/2011(Total: 415,00€) |
| 19/12/2011 | Baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo da vivenda situada no lugar de Paizas, 12, parroquia de Cambeda |
| 19/12/2011 | Aprobación de gastos de telefonía, cotas decembro/2011, servizo novembro/2011 (Total: 1.204,58€). |
| 20/12/2011 | Autorización da devolución da garantía definitiva da obra "Reposición de firme con zahorra en camiño público do Val a Santa Comba de Baíñas" |
| 20/12/2011 | Autorización da devolución/cancelación do aval núm. 10001750 da obra " Pavimentación de viales públicos en Padreiro e Lagüelal" |
| 20/12/2011 | Autorización da devolución/cancelación do aval núm. 00243298 da obra "Urbanización Avenida de Ovilar. 1ª Fasel" |
| 20/12/2011 | Autorización da devolución/cancelación do aval núm. 38.869 da obra "pavimentación en A Codeseira (Vimianzo) e Camiño da Costa (Orbellido)" |
| 20/12/2011 | Aprobación do gasto polos danos producidos por un empregado municipal a un vehículo de propiedade de D. Perfecto Cedrón García (Total: 59,00€). |
| 20/12/2011 | Arquivo do expediente núm. 2011/006/000075 promovido por D.ª Rosa Santos Ramos sado que non foi presentada en prazo a documentación requirida na data do 25/11/2011. |
| 20/12/2011 | Autorización da devolución/cancelación do aval núm. 38.868 da obra "Reposición de firme en camiños públicos de Roalo" |
| 20/12/2011 | Autorización para retirar o cantador do servizo de auga municipal instalado na vivenda do lugar e parroquia de Serramo, 8 a D. Manuel Recarey Amigo. |

CONCELLO DE VIMIANZO (A CORUÑA) SECRETARIA

# Concello de Vimianzo

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 21/12/2011 | Aprobación de gastos en concepto Cabalgata de Reis a MAKRO autoservicio mayorista (Total: 558,39€). |
| 22/12/2011 | Autorización para a ocupación do auditorio da Casa de Cultura o día 16/01/2012 dende as 16:00h. Até as 19:00h para a realización dunha obra de teatro da compañía "Talia Teatro" o IES Terra de Soneira. |
| 22/12/2011 | Modificación da praza e da taxa da EIM adxudicada a ACG procedendo ao cambio de horario de sistencia e baixa no servizo complementario de comedor (Total: 79,20€/mes). |
| 23/12/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda sita no lugar de Urroa, 5, parroquia de Vimianzo a D. Jesús Santos Lavandeira. |
| 23/12/2011 | Autorización da devolución da garantía definitiva por un importe de 1.288,28€ da obra "Acondicionamento de espazo público para ocio en Mouzo (Carnés) a D. Santiago Suárez Pose. |
| 23/12/2011 | Autorización para a celebración dunha verbena o día 26/12/2011 en Treos. |
| 26/12/2011 | Concesión dunha axuda económica de 2.450,00€ con cargo ó programa de emerxencia social 2011 a MOB. |
| 26/12/2011 | Baixa no servizo municipal de comedor e lavandería sobre rodas a FAV. |
| 26/12/2011 | Admisión no centro de día municipal de Vimianzo a MCG (Total: 614,30€/mes). |
| 26/12/2011 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria a D. José Manuel Pereiras Pérez (Total: 20,00€). |
| 26/12/2011 | Requirimento a Dª. Guillermina Pérez Arias, en calidade de propietaria, para que no prazo de 15 días proceda a retirada do vehículo con núm. de matrícula C4869BP. |
| 26/12/2011 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria a Dª. Irmina Olveira Pérez (Total: 20,00€). |
| 26/12/2011 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria (2 informes) a Dª. María del Pilar Pazos Costa (Total: 40,00€). |
| 26/12/2011 | Autorización de enganche de auga da vivenda no lugar de Gándara de Osa, 4, parroquia de Vimianzo a D. Alberto Lema Barros (Total: 300,00€). |
| 26/121/2011 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Gándara de Osa, 4, parroquia de Vimianzo a D. Alberto Lema Barros (Total: 300,00€). |
| 27/12/2011 | Anulación da liquidación núm. 004412008 e a providencia de prema (2011EXP35022641) correspondente o enganche de sumidoiro da vivenda no lugar do Val, 9, parroquia de Baíñas a Dª. María Carmen Moledo Lema. |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa IBERDROLA GENERACIÓN, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente ao 3ºT 2011, por un importe de 183,89€, IVE incluído |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa IBERDROLA GENERACIÓN, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente a outubro do ano 2011, por un importe de 183,89€, IVE incluído |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa ENDESA ENERGÍA, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente ao 3ºT 2011, por un importe de 1.218,58€, IVE incluído |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa HC-NATURGAS COMERCIALIZADORA ÚLTIMO RECURSO, S.A. , por ocupación de dominio público, correspondente ao 3ºT 2011, por un importe de 84,77€, IVE incluído |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa CIDE HCENERGIA, SA, por ocupación de dominio público, correspondente ao 3ºT 2011, por un importe de 2.420,41€, IVE incluído |
| 27/12/2011 | Aprobación da liquidación tributaria a empresa Cableuropa, SAU, por ocupación de dominio público, correspondente ao 3ºT 2011, por un importe de 156,42€, IVE incluído |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARIA

# Concello de Vimianzo

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 28/12/2011 | Autorización de enganche de auga para un local artesanal de carpintería no lugar de Reboredo, 14, parroquia de Salto a D. Manuel Bras Castiñeira (Total: 300,00€). |
| 28/12/2011 | Autorización para ocupación de vía pública na Praza do Concello, para a instalación dunha carpa o día 31/12/2011 e aprobación da liquidación a D. Ricardo Álvarez Canosa (Total: 37,50€). |
| 28/12/2011 | Arquivo do expediente núm. 48/08 promovido por D. Manuel Quinteiro Miñones dado que non foi presentada en prazo a documentación requirida na data 07/04/2008. |
| 28/12/2011 | Aprobación de gastos de portes paquete postal (Total: 7,60€). |
| 28/12/2011 | Autorización para a celebración dunha verbena o día 30/12/2011 en Pasarela.. |
| 28/12/2011 | Aprobación da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local. |
| 28/12/2011 | Concesión de 8 autorizacións do uso do ximnasio municipal (Total: 360€). |
| 29/12/2011 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda sita na rúa Blanco Rajoy, 28, portal 9, parroquia de Vimianzo a D. Alvaro García Alvarellos (Total: 30,00€). |
| 29/12/2011 | Autorización para retirar o cantador do servizo de auga municipal instalado na vivenda do lugar de Cures, 50, parroquia de Cereixo a Dª. Carmen Varela Romero.. |
| 29/12/2011 | Baixa no padrón da taxa de recollida de lixo do local situado na rúa Tedín, 19, baixo, parroquia de Vimianzo, con efectos a partires do 1 de xaneiro de 2012. |
| 30/12/2011 | Requirimento a compañía aseguradora Mapfre Familiar por danos producidos en bens municipais, por mor dun accidente de circulación o día 13/12/2011 (Total: 831,68€). |
| 30/12/2011 | Aprobación do padrón do SAF do mes de decembro/11 por importe de 501,00€. |
| 30/12/2011 | Confección da nómina e baixa na Seguridade Social dos traballadores que forman parte do servizo do GRUMIR. |
| 30/12/2011 | Aprobación do padrón do servizo municipal de auga e sumidoiros correspondente ó 4º trimestre do ano 2011 (Total: 60.132,34€). |
| | **Data: Xaneiro** |
| 02/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda sita no lugar de Cures, 16, parroquia de Cereixo. |
| 02/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa de sumidoiro da vivenda situada no lugar de Cures,16 (Cereixo) a nome de Josefina Bello Leis e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30,00 euros. |
| 02/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda situada no lugar de Señoráns,26 (Salto) a nome de Dieter Wolfgang Bloemers e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30,00 euros. |
| 02/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada no lugar de Señoráns, 26, parroquia de Salto. |
| 02/01/2012 | Arquivo do expediente con RE 6276/11 promovido por Sr. Antelo Rodríguez dado que a finca núm. 467, polígono 510, situada no lugar de Mouzo, parroquia de Carnés atópase limpa, segun o informe da policía local. |
| 02/01/2012 | Aprobación de gastos de telefonía móbil de 18/11/2011 - 17/12/2011 (Total: 442,94). |
| 02/01/2012 | Nomeamento de Dª Marta Rey Lema, como persoal eventual para ocupar o posto de traballo de secretaria persoal da alcaldía. |
| 03/01/2012 | Autorización do gasto por cotizacións de MUFACE e cotas de clases pasivas mes decembro/2011, Manuel Antelo Pazos. |
| 03/01/2012 | Aprobación expediente núm. XC/01/2012 de xeración de créditos por ingresos, por importe de 16.494,74€. |

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 04/01/2011 | Aprobación expediente TC/01/2012 de transferencia de créditospor importe de 7.965,42€ |
| 05/01/2012 | Aprobación de gastos da tarxeta de telepeaxe de autoestradas nº 7112 correspondentes ao período de 01/12/2011 a 31/12/2011 (Total: 3,93€). |
| 05/01/2012 | Aprobación de gastos pola xestión de servizos da vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola infantil e centro de día, xaneiro/2012 e de asistencia técnica ximnasio municipal período 15/12/11 ao 31/12/2011 (Total: 29.495,39€). |
| 05/01/2012 | Adxudicación do contrato menor póliza seguro para actividade deportiva"Tercer Duatlón de Reis" para o día 08/01/2012 a Mapfre Seguros Generales Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A" por un importe de 150,00 euros (IVE incluído). |
| 05/01/2012 | Adxudicación do contrato menor do servizo de recollida selectiva de residuos no concello de Vimianzo, polo prazo dun ano a "Coregal, S.L." Por importe de 6.000€ IVE incluído. |
| 09/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa do lixo da vivenda situada no lugar e parroquia de Berdoias, 3. |
| 09/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal da vivenda situada no lugar e parroquia de Berdoias, 3 a nome de Esperanza Santos Canosa e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30,00 euros. |
| 09/01/2012 | Autorización do cambio de titular dos recibos da taxa polo consumo de auga municipal do local situado na rúa Blanco Rajoy, 24, local 3, parroquia de Vimianzo a nome de Yolanda Mato Costa e aprobar a liquidación tributaria por un importe de 30,00 euros. |
| 10/01/2012 | Arquivo do expediente núm. 10/11 e o expediente núm. 2011/032/000013 promovido por Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., dado que xa foron outorgadas as autorizacións os herdeiros do edificio situado na rúa Castelao, 7, Vimianzo. |
| 10/01/2012 | Aprobación das asistencias dos concelleiros da Corporaci´pn dende 23/10/2011 ata 31/12/2011 (Total: 4535,10€). |
| 11/01/2012 | Aprobación de gastos de telefonía móbil polo período 01/12/2011 ata 31/12/2011 por importe de 166,00€ |
| 11/01/2012 | Baixa no servizo municipal de comedor e lavandería sobre rodas de JFI. |
| 11/01/2012 | Autorización a Sociedade de Pesca Deportiva Neria o uso da escola unitaria de Berdoias dende o día 13/01/2012 até o 16/03/2012 en horario de 20:30 a 22:30, para desenvolver diversas actividades da Sociedade de Pesca. |
| 11/01/2012 | Autorización ó IES Terra de Soneira para empregrar a sala de conferencias da Casa de Cultura os días 19,23,25 e 30 de xaneiro, 1,6 e 8 de febreiro e 5,7 e 12 de marzo de 2012, en horario de 18:00 a 21:00, para realizar un curso de "Novas propostas para xestionar a aula de primaria" |
| 12/01/2012 | Baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo do local situado na rúa Baíñas A, 89, baixo, parroquia de Baíñas |
| 12/01/2012 | Rexeitar a baixa no padrón da taxa pola recollida do lixo da vivenda situada no lugar de Manlle, 7 , parroquia de Baíñas a D.ª María Dominga Regueira Fernández |
| 12/01/2012 | Autorización a don Julio Justo Lorenzo e D.ª María Jesús Lama Méndez para que celebren a ceremonia civil, o día 26/05/2012, ás 13:00h, na sala de sesións da Casa Consistorial e aprobación da liquidación tributaria 60€. |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Quintáns, parroquia de Treos e aprobación da liquidación tributaria a D. Javier Andrade Lavandeira (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Manlle, 9, parroquia de Baíñas e aprobación da liquidación tributaria a D. José Santos López (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Calo, |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARIA

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| | 13, parroquia de Calo e aprobación da liquidación tributaria a D. Manuel Rodríguez Lema (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Rabos, parroquia de Baíñas e aprobación da liquidación tributaria a D. Gumersindo Rodríguez Trillo (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Figaredo, 25, parroquia de Carantoña e aprobación da liquidación trubutaria a D. Andrés Manuel Rodríguez Riveiro (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda no lugar de Figaredo, 27, parroquia de Carantoña e aprobación da liquidación tributaria a D. Manuel Rodríguez Pérez (Total: 300,00€). |
| 13/01/2012 | Inicio de expediente sancionador por presunta infracción á normativa en materia de tráfico de varios infractores (Total núm. Expedientes: 34). |
| 16/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Vilar, 9, ático Izqda, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D.ª Dolores Sendón Castiñeira- (Total: 300,00€). |
| 16/01/2012 | Recoñecer a existencia do enganche de auga no edificio situado na rúa A. Vázquez Mouzo, 28, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. Andrés Lema Pose (Total: 300,00€). |
| 16/01/2012 | Alta no servizo do SAF de MMA e incorporación no padrón fiscal por 8 h/mes (Total: 14,40€). |
| 16/01/2012 | Concesión dunha axuda económica de emerxencia social a MMS de (200,00€). |
| 16/01/2012 | Concesión dunha axuda económica de emerxencia social a NM de (100,00€). |
| 16/01/2012 | Concesión dunha axuda económica de emerxencia social a EMB de (95,20€). |
| 17/01/2012 | Autorización ao grupo político IXV, ao acceso do expediente de nomeamento de persoal eventual de confianza e decretos de alcaldía. |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Alvaro Cunqueiro, 1, 1º, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. Emilio Domingo Suárez Blanco (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Fonte dos Cabalos, 4, 1º D, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. José Antonio Andrade Leis (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Fonte dos Cabalos, 4, 3º A, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. Celestino Villar Rodríguez (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Fonte dos Cabalos, 4, 2º A, parroquia de Vimianzo e liquidación tributaria a Dª. María Mercedes Sampedro Bermúdez (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa Fonte dos Cabalos, 4, 3º C, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. Alberto Lema Pose (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Recoñecemento da existencia do enganche de auga da vivenda na rúa A. Vázquez Mouzo, 45, parroquia de Vimianzo e aprobación da liquidación tributaria a D. José Francisco Martínez Canosa (Total: 300,00€). |
| 17/01/2012 | Outorgamento de licenza de obra para levar a canalización de electricidade soterrada para acometida a unha vivenda, situada no Porto de Cereixo - Cereixo a D. José Martínez Rial (Total: 74,00€). |
| 18/01/2012 | Autorización de enganche de sumidoiro da vivenda no lugar de Vilar, 28, parroquia de Cereixo a D. Oscar Suárez Pazos (Total: 300,00€). |
| 18/01/2012 | Concesión de tarxeta de estacionamento para minusválidos a MCER |
| 19/01/2012 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria a D.ª María Junquera Mouzo Pereira (Total: 20,00€). |

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARÍA

COPIA PÚBLICA

| | |
|---|---|
| 19/012012 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria a D.ª Dolores Tajes Baña (Total: 40,00€). |
| 19/01/2012 | Aprobación do informe urbanístico emitido polo arquitecto municipal e aprobación da liquidación tributaria a D.ª Elsa Pérez Lema (Total: 60,00€). |
| 20/01/2012 | Autorización de pago ao Tesouro público de retención e ingresos a conta IRPF (Total: 61.561,37€). |
| 20/01/2012 | Outorgamento a D. Francisco José Díaz Rodríguez a prórroga da licenza de obra outorgada pola XGL do 2/02/2009, para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar, situada no Porto de Cereixo - Cereixo, por un período de 3 anos a D. Francisco José Díaz Rodríguez. |
| | Concesión de 12 autorizacións do uso do ximnasio municipal (Total: 540 €). |

Dase conta dos escritos de Alcaldía de data 3/01/2012 sobre a incidencia de data 28/12/2011 sobre a obtención fraudulenta de información confidencial do Concello de Vimianzo por un funcionario do Concello de Trazo, dirixidos ao Sr. Alcalde do Concello de Trazo e a Deputación Provincial de Coruna; así como do escrito emitido ao respeto pola Deputación provincial.

O Sr. Alcalde dá lectura do informe da empresa que xestiona o servizo de asistencia e soporte de xestión dos procedementos administrativos dos concellos da Provincia da Coruña:

*"(...) Desde este soporte se pone de manifiesto el engaño utilizado para obtener datos ajenos al solicitante:*
*- El solicitante, Manuel Soto, se identifica como trabajador del Concello de Trazo.*
*- En la primera solicitud telefónica, el solicitante plantea dudas de trabajo y utilización de la plataforma, valorando después la posibilidad de mostrar ejemplos con datos, sin completar la información de la solicitud, lo que no permite a este soporte saber que se puede tratar de una solicitud engañosa.*
*- En todo momento el solicitante basa su petición en proporcionar ayuda a una tercera persona, compañera de trabajo de registro, sin especificar, hasta el final de la segunda conversación, que se trata de una compañera de otro registro, y sin proporcionar datos de ésta. De nuevo, el desarrollo de la conversación no permite a este soporte conocer que se trata de una solicitud engañosa, ya que todas las conversaciones se basan en ayudar en su trabajo a una tercera persona.*
*- Desde este soporte se envía copia del correo en el que se responde a la segunda solicitud a los responsables de Vimianzo, con el objetivo de que estén informados de lo ocurrido.*
*- El solicitante afirma que se le ha enviado un segundo correo por error (en el que se incluyen los datos concretos del registro), cuando es él quien, a través de teléfono, aporta datos a soporte (número y fecha de registro) de los que necesita información. Estos datos no podrían conocerse de ninguna otra forma por este soporte, ya que no se recibe ninguna solicitud desde el concello de Vimianzo.*
*- El solicitante no aporta toda la información completa de su solicitud hasta el final de ésta.*
*- El solicitante afirma por correo electrónico que con la primera información envidada por este soporte se habían aclarado sus dudas y que el segundo correo enviado desde soporte debió ser un error. Sin embargo, en la segunda llamada, el solicitante afirma que, con la información suministrada por soporte, su compañera no es capaz de extraer datos. Solicita que se envíen datos relativos a un registro concreto (proporciona los datos de número de registro 3059, en este formato concreto, y fecha de registro 30 de junio). Solo en la última parte de la conversación aclara que se refiere al concello de Vimianzo y no aporta datos de su compañera a la que se le debe enviar la información solicitada.*
*- Desde este soporte se muestra disposición a ayudar a la persoa que relamente necesita aclarar dudas, pero en ningún momento se recibe ninguna consutla más que las del solicitante relativa a este tema."*

O Sr. Alcalde dá lectura do informe da funcionaria do Concello de Vimianzo encargada do rexistro xeral de documentos:

*"(...) Que levo quince anos traballando no Concello de Vimianzo, catorce deles no Rexistro Xeral e cando teño que facer algunha consulta polas dúbidas que me poidan xurdir, con relación ó Rexistro do Concello, teño tres opcións:*
*A) Chamar ou mandar un correo á Deputación -Soporte SIGEM*
*B) Consultárllelo ó responsable do SIGEM no Concello de Vimianzo, D. Manuel Vicente Antelo Santos*
*C) Pedirlles ós responsables informáticos que me solventen o problema que teña nese momento*

COPIA PÚBLICA

*Endexamáis lle pedín axuda nin mediación perante a Deputación para xestionar unha modificación no rexistro informático, ó meu cargo, a ningún compañeiro doutro Concello nin a ningún concelleiro desta Corporación e, dende logo, tampouco ó señor Manuel Soto Pérez.*

*Quero subliñar que son coñecedora das miñas tarefas e da cofidencialidade que conlevan, se nanlgún momento teño que rendir contas do Rexistro só o faría ó señor alcalde ou ó secretario do Concello (máximo responsable do Rexistro Xeral."*

O Sr. Alcalde explica que os feitos son evidentes e pide a dimisión inmediata do Sr. Soto xa que non ten dignidade para representar aos veciños do Concello de Vimianzo.

O Sr. Soto dí que iso non é así, que é unha calumnia, e pide una copia do informe para ver que o asina e poder defenderse, xa que ten un correo do mesmo departamento da Deputación no que recoñecen que é un erro imputable á empresa dos servizos de asistencia e din que se elimine o correo electrónico enviado por erro, o que así se fixo. Insiste en que se diga quen asina o informe da empresa para poder exercer as accións oportunas e poder defenderse, xa que non basta con verter acusacións, falta a carga da proba e a demostración dos feitos.

O Sr. Alcalde di que hai que ter cara para presentarse como unha vítima, que somentes dou lectura aos informes da Deputación, que irán a Corcubión para defender aos intereses do Concello, e insiste en que dimita porque a sua actuación non é digna dun representante público.

A Sra. Borbujo Martínez di que dende o grupo PP non sabían nada, e que non é normal que un funcionario doutro Concello atente contra outro funcionario, e apoia que se aclare o asunto nos tribunais. Sinala que se é certo o Sr. Soto perdeu a súa dignidade como concelleiro e como persoa por implicar a outro funcionario, e lle pide que se comprometa neste Pleno a dimitir se sae culpable destos feitos.

O Sr. Soto Pérez dí que toda persoa é inocente ata que se demostre o contrario e insiste en que o Sr. Alcalde non dí que asina o informe, e se comprométese a dimitir se sae culpable.

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARÍA

## 7. Mocións

**Mocións de urxencia.**

O Sr. Alcalde pregunta se ao amparo do previsto no artigo 91.4 do ROF algún grupo presenta alghuna moción de urxencia.

O Sr. Soto Pérez presenta unha moción de urxencia sobre a designación dos representantes do Concello nos órganos colexiados externos, xustificándoa no sentido de que xa a presentou no anterior Pleno e a retirou co compromiso de tratala neste Pleno.

O Sr. Alcalde dí que non xustificou a urxencia da moción para debatila hoxe, que non ten inconvinte el volver a retomar o reparto inicial cando non habia acordo de goberno entre o BNG e o PSOE, ou convocar a xunta de portavoces para consensuar o método entre os grupos.

O Sr. Miñones Riveiro e a Sra. Borbujo Martínez dín que están de acordo coa modificación dos órganos externos, pero que sería convinte convocar unha comisión ou unha xunta de portavoces para consesualo nela.

O Sr. Alcalde comprométese a convocar unha xunta de portavoces esta misma semana.

COPIA PÚBLICA

**8. Rogos e preguntas**

**Preguntas:**

Sr. Miñoines Riveiro:

1. Como están as obras do saneamento na Piroga e do Centro socio-cultural en Baiñas?

2. Sábese se vai renovar aos GRUMIR?

3. Hai noticias sobre o centro de día?

O Sr. Alcalde dí que o proxecto do saneamento na Piroga estase a correxir por motivos técnicos e aprobarase a modificación do contrato de obra a custe cero para o Concello nos próximos días. En canto a obra do centro socio-cultural de Baiñas pasa o mesmo e por motivos técnicos axenos a cuestións políticas hai que reformar o proxecto e aprobarase o modificado canto antes.

Respecto ao GRUMIR, o Sr. Alcalde di que o estado é igual que o ano pasado, e as previsións son as mesmas, e que verá como se facían as contratacións os anos anteriores para facelas igual.

Respecto ao centro do día, o Sr. Alcalde di que solicitou un informe xurídico a secretaría para ver o procedemento para reclamar os dereitos que dimanan do contrato suscrito para ceder os terreos municipais a cambio da construcción e posta en funcionamento dunha residenca e un centro de día; e levamos dous anos de retraso, e nin a conselleira nin a secretaría xeral nos reciben nin visitan o centro de día para ver se se pode prestar o servizo e abrir o centro canto antes.

Sr. Soto Pérez:

1. Uns dos motivos de non aprobar os orzamentos foi o recorte en servizos sociais, e o seu grupo defendía este recorte porque non eran necesarias tantas prazas e agora asina un contrato para prestar este servizo por unha empresa externa, engañounos antes ou agora?

2. Esperamos a resposta a pregunta feita noutros plenos sobre se a súa concelleira cobrou dietas por excursións?

3. Cal foi o procedemento para adxudicar os traballos de acondicionamento de pistas e aparcamentos nos meses de xullo e agosto e se presentan agora as facturas?

4. Respecto ao GRUMIR, prorrogábase nos anos anteriores para estar cuberto o servizo todo o ano, porque este ano non se fixo?, onde foron eses cartos?, o motivo do retraso é contratar unha nova plantilla?, porque se utiliza o GRUMIR para outros cometidos como para transportar cadros en Santiago cando antes se criticaba?

5. Por qué os recortes comenzan polos servizos aos veciños e non se fan nos gastos do goberno, na sua secretaría persoal, ou nas retribucións dos concelleiros como propuso IxV en plenos anteriores?

6. Cal é o criterio que se segue para retirar as farolas?, é un criterio unánime?, por qué algunhas

COPIA PÚBLICA

se quitan e se volven a poñer e outras se manteñen por catro euros ao mes?

7. En que dependencias municipais se atopan as mesas e sillas facturadas por José Luis Touriñan que se presentou o día 28 de xullo e se pagou o día 29 de xullo? Por qué en agosto se comentou nun partido de fútbol a necesidade de adquirir estas mesas e sillas para as asociacións de Vimianzo se xa foron servidas en xullo?

8. Respecto a factura polas escaleiras da casa de cultura porque menguo de 4.905 euros ata 2.596 euros segundo un albarán que antes non constaba no expediente? Aparece outro albarán duns taboleiros por importe de 1669 euros, a qué se debe? Non lle parece excesivo que se inverta nunha escaleira e uns taboleiros máis de 5.000 euros?

O Sr. Alcalde dí ao Sr. Soto que teña cuidado co que fala, que non insinúe que se falsificou unha factura porque polos servizos técnicos lévase control de todo; e que non engañe aos veciños, xa que a factura é de mobiliario para a casa da cultura e non solo de escaleiras, nos albaráns aparecen os custes detallados de tódolos conceptos, e a xestión que fixo o Concello segundo consta no expediente é a máis ventaxosa para os intereses municipais. O Sr. Alcalde advirte ao Sr. Soto que non faga uso de copias de facturas non autorizadas polo Concello.

En canto as mesas e sillas adquiridas polo Concello farase una turné para que as vexa.

Respecto as farolas innecesarias e que se colocaron na campaña electoral, sinala que o que se fixo foi quitar as farolas que non prestan un servizo público e racionalizar e controlar as que están en terreos públicos, apagando determinados tramos nocturnos para evitar despilfarros, e sen ter en conta as relacións familiares ou políticas. A proposta de pagar polas farolas a fixo algún veciño pero non é posible. Neste sentido pide responsabilidade e tempo para avaliar as medidas adoptadas.

Respecto aos servizos sociais, pide que non se utilice políticamente ao persoal do Concello, xa que se aprobou por unanimidade do Pleno o plan de saneamento económico é unha das medidas do plan era amortizar as prazas vacantes, e por agora non hai ningún contrato cunha empresa privada.

En canto ao GRUMIR foi necesario ir a Santiago para recoller uns cadros para a exposición do pintor local Suxo Martiño que tardou máis de vinte anos en verse a súa obra en Vimianzo, e temos que estar moi orgullosos do noso.

Respecto aos gastos en aparcadoiros, o Sr. Alcalde sinala que nos meses de xullo e agosto adoptáronse decisións importantes en relación cos problemas de tráfico e aparcadoiro en Vimianzo, habilitándose varios solares como aparcadoiros provisionais sen custe para o Concello pola boa disposición dos propietarios; e o gasto fíxose seguindo os procedementos ordinarios.

Sra. Borbujo:

1. Como está o concurso da piscina climatizada que se paralizou?

2. Que informe a oposición nas campañas correspondentes como en Nadal, para fomentar a participación dos concelleiros en campañas noutras épocas do ano como no antroido ou semana santa.

3. Teñe información sobre un portalón en Reboredo?

Concello de
Vimianzo

COPIA PÚBLICA

O Sr. Alcalde dí que non lle consta ninguna denuncia en relación cun portalón en Reboredo.

En canto ao antroido, sinala que se adoptaron varias decisións como facer varios obradoiros polas parroquias, o baile social, as pasarúas, e os concursos de comparsas e de grupos con distintos premios; e a traves da mesa local de comercio e as comisións informativas dárase participación aos grupos.

Respecto ao concurso da piscina, sexplica que o expediente está paralizado porque está pendiente de resolver polo xulgado o recurso contencioso-administrativo interposto polo colexio oficial de enxeneiros porque nas bases do concurso solo podían presentarse arquitectos.

O Sr. Mancebo Amigo dí ao Sr. Soto que éste é un goberno honrado e transparente, e que non busque onde non haí, xa que a xestión do goberno nestos 6 meses vese na contabilidade do Concello que reflexa unha importante reducción de gastos en electricidade, no servizo de auga, etc.., polo que non ten sentido vir a cuestionar aquí o importe de pequenas facturas.

**Rogos:**

Sr. Soto:

A autopista en construcción está causando destrozos aos veciños, polo que sería convinte que dende o Concello se habilitase unha oficina para que os afectados poidan reclamar.

O Sr. Alcalde dí que os veciños saben que teñen ao Concello a súa disposición para facer calquer reclamación, e que o Concello ten xuntanzas de coordinación cos responsables da autovía para minimizar esos prexuizos.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e carenta e cinco minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, a vinteoito de xaneiro de dous mil doce.

O ALCALDE

O SECRETARIO

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) ALCALDÍA

CONCELLO DE VIMIANZO (A Coruña) SECRETARÍA